



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Técnicas de Investigación Literaria			Código	613G01042
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Pena Sueiro, Nieves	Correo electrónico	nieves.pena.sueiro@udc.es		
Profesorado	Pena Sueiro, Nieves	Correo electrónico	nieves.pena.sueiro@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Preparación para a investigación literaria.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as características e as dificultades do labor de investigación	A1		
	A3		
	A5		
	A8		
	A9		
	A15		
	A16		
	A17		
Ser capaz de buscar información sobre un tema literario e avaliar a posibilidade de elaborar desde aí un proxecto de investigación	A1	B1	C1
	A2	B3	C6
	A14	B5	C8
	A15	B6	
	A16	B7	
	A17	B9	
	A18	B10	
	A22		
Manexar de forma efectiva as fontes bibliográficas convencionais e tamén coñecer ferramentas e recursos de internet	A8	B1	C6
	A11	B2	
		B3	
		B5	
		B6	
		B10	



Producir textos escritos de distinta extensión e alcance, debidamente redactados e organizados, nos que o estudante expoña os avances dun traballo de investigación, unha reflexión crítica sobre un determinado tema, presente un estado da cuestión dun tema...	A2	B1	C3
	A11	B2	C8
	A14	B3	
	A15	B5	
	A17	B6	
		B7	
	B10		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Bases da investigación literaria	Consideracións previas Especialización Fundamentos Finalidade e obxectivos da investigación Aportación e novidade Honestidade intelectual Difusión
2. Recursos para a investigación literaria	Fontes de información Bibliotecas e bibliografía Documentos e arquivos Bases de datos e recursos en internet
3. A elaboración do traballo de investigación	Os datos e o seu almacenamento A estrutura do traballo e as súas partes A redacción do texto: a súa importancia Os anexos e complementos Os índices
4. A edición e anotación de textos	Tipos de edición A crítica textual: un achegamento Fases da edición As fontes primarias: a súa importancia

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 A16 B1 B2 B5 B7 C1 C6 C8	16	10	26
Obradoiro	A1 A2 A3 A8 A11 A15 A22 B1 B2 B6 B7 C1	15	19	34
Eventos científicos e/ou divulgativos	A2 A9 A11 A16 B3 B5 B6 B7 B10 C1 C3	2	3	5
Traballos tutelados	A1 A2 A11 A14 A16 A17 B1 B3 B5 B6 B7 B9 B10 C1 C3	0	30	30
Actividades iniciais	B10 C1	0.5	0	0.5
Proba mixta	A1 A2 A5 A9 A11 A14 A17 A18 B6 B10 C1 C3	2	12.5	14.5
Atención personalizada		2.5	0	2.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Nas sesións expositivas o ritmo da clase recaerá fundamentalmente no profesorado, que tratará de achegar ao estudante aos principios, á metodoloxía e ás características propias da investigación literaria. Para que o alumnado se implique nestas sesións procurárase a súa intervención (preguntas-respostas, interpelacións...).
Obradoiro	Combinación de diversas metodoloxías y probas (prácticas guiadas, exposicións, discusións dirixidas, exercicios de comentario, manexo de fontes instrumentais, etc.) a través das que o alumnado se familiariza con distintas técnicas e recursos de investigación, así como con algunhas fontes instrumentais básicas, sempre co apoio e supervisión dos docentes. Nalgún caso, pode solicitarse que revise algunha lectura ou leve a cabo algún exercicio ou tarefa na casa para desenvolvela posteriormente na aula. Unha ou máis desas tarefas poderán(n) ser recollida(s) polo profesorado para a súa avaliación
Eventos científicos e/ou divulgativos	Aproveitaráanse os recursos e medios dispoñibles. Así, os alumnos poderán visitar o Arquivo do Reino de Galicia e aproximarse, de xeito directo e práctico, á materialidade do libro e ao funcionamento dun arquivo. No caso de que a visita non puidese levarse a cabo, reemplazaráse esta actividade por outra (visionado dalgún documental, audición dalgunha entrevista ou conferencia de interese accesible en internet...).
Traballos tutelados	Cada estudante deberá preparar un breve traballo sobre algún aspecto do programa que o profesorado lle asignará seguindo as pautas que no seu momento se establezan para a súa presentación. Na primeira fase, o alumno preparará un breve guion que debe discutir cos docentes (despois debe aterse e el para a súa realización).
Actividades iniciais	Análise do coñecemento previo que o estudantado ten do labor de investigación no eido literario. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita artellar unha docencia que favoreza a aprendizaxe significativa
Proba mixta	Ao final do curso, na data fixada pola Facultade, o alumno realizará unha proba adicada a verificar a adquisición das competencias da materia, para o cal se lle plantexarán preguntas e exercicios de diverso tipo referidos ao programa, fundamentalmente en relación co traballo tutelado e coas tarefas entregadas, a modo de control da autoría deses materiais. Requerirase, ademáis, que acade un nivel de expresión acorde co dun grao universitario.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Proba mixta Obradoiro Eventos científicos e/ou divulgativos	O estudantado poderá, sempre que sexa preciso, requirir a atención personalizada dos profesores, tanto para resolver dúbidas xurdidas na preparación da proba mixta, como nas sesións adicadas ao obradoiro. No obstante, as titorías nunca poden ser instrumento para suplir as explicacións que o alumnado non ten seguido por se ausentar da aula inxustificadamente. No que atinxe á realización do traballo, deberá presentar na primeira fase o guion; despois é recomendable que consulte as dúbidas ou problemas que se lle plantexen no proceso de elaboración.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A11 A14 A16 A17 B1 B3 B5 B6 B7 B9 B10 C1 C3	Os alumnos prepararán un traballo de iniciación á investigación sobre algún tema literario dos que o profesorado propoña. Valorarase a aportación do estudante, a organización das ideas, a orixinalidade, a fundamentación científica... Tamén serán tidas en conta as cuestións formais (presentación, expresión, sistema de citas, referencias bibliográficas...).	45
Proba mixta	A1 A2 A5 A9 A11 A14 A17 A18 B6 B10 C1 C3	En cada unha das oportunidades (final de cuadrimestre e xullo), realizarase unha proba mixta na que, a través de preguntas e exercicios varios, o alumno demostrará que acadou os coñecementos e competencias previstas, así como que é quen realizou o traballo tutelado (a modo de demostración da autoría). Unha parte do exercicio versará sobre o traballo e servirá para verificar a súa autoría. Será moi importante tamén que neste exercicio ofrezca unha expresión correcta.	25



Obradoiro	A1 A2 A3 A8 A11 A15 A22 B1 B2 B6 B7 C1	Valorarase a participación nas aulas, así como os exercicios e actividades que o alumno leve a cabo nas distintas sesións, atendendo á súa capacidade crítica e ás súas achegas.	15
Eventos científicos e/ou divulgativos	A2 A9 A11 A16 B3 B5 B6 B7 B10 C1 C3	Está previsto que os estudantes asistan a un evento divulgativo ou científico. Programarase unha visita guiada ao Arquivo do Reino de Galicia, onde deberán seguir as explicacións que se lles faciliten co obxectivo de presentar por escrito un texto no que dean conta dos aspectos principais sobre os que se lles ten informado e, especialmente, daqueles que garden relación co tratado nas sesións maxistras e nos obradoiros. Deberán presentar un resumo completo e cabal da exposición no que demostren non só que asistiron á visita senon que foron quen de seguila de maneira comprensiva. No caso en que non se poda levar a cabo esta actividade, reemplazarase por outra (resumo dun audio sobre algún aspecto da materia, visionado dun vídeo)	15

Observacións avaliación

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación. Farase media entre as distintas partes cando o estudante acade un 4 no traballo tutelado e na proba mixta. Só se aceptarán os traballos e actividades realizadas cando se entreguen nas datas previstas e seguindo as normas que se precisarán en cada caso. Dase por suposta a asistencia ás aulas, que é obrigatoria. Aquel estudante que conte con dispensa de asistencia recoñecida será avaliado mediante a proba mixta (40%) e o traballo (60%); debe poñerse en contacto coa docente ao inicio do curso para establecer con precisión o mecanismo de seguimento da súa actividade (especialmente para a fixación das datas da entrega do traballo e da realización da proba mixta). O sistema de avaliación será o mesmo para as persoas que participen na convocatoria adiantada de decembro. Considerase como "non presentado" o alumno que non entregue o traballo tutelado ou non realice proba mixta. Na 2.^a oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes, xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro) nin o Evento. Así, a valoración estará composta polo 60% do traballo e o 40% da "Proba mixta". A expresión do estudante nas distintas probas, exercicios e actividades levadas a cabo debe ser a que corresponde ao nivel da titulación (non só se tomará en conta, por tanto, a corrección ortográfica e gramatical). No caso de que a expresión dos exercicios e traballos realizados fóra da aula non garde relación coa das probas e exercicios que o estudante realiza en clase baixo o control dos profesores, para avaliar a expresión tomaranse como referencia os escritos que aquel elaborou sen axuda externa. Calquera falta de honradez académica (plaxio, é dicir, utilización de textos ou ideas doutros autores sin indicar a procedencia, copiar traballos, copiar nos exames, ou outras formas) se penalizará acordo con o indicado na normativa académica. Cumpre sinalar que a Xunta de Facultade aprobou o uso da aplicación "Turnitin" por parte do profesorado, ferramenta que permite detectar o plaxio. Pode reconocer traballos presentados nesta ou noutras universidades, así como porcións de textos procedentes doutros textos e sinalar a súa procedencia. A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade. De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñibles na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Alcina Franch, J. (1994). Aprender a investigar: métodos de trabajo para la redacción de tesis doctorales.. Madrid: Compañía Literaria. - Blecua, Alberto. (1983). Manual de crítica textual.. Madrid: Castalia. - Díez Borque, J. M., coord. (1985). Métodos de estudio de la obra literaria.. Madrid: Taurus. - Eco, Umberto. (2001 (1977).). Cómo se hace una tesis: técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura.. Barcelona: Gedisa. - Gaskell, Philip. (1999). Nueva introducción a la bibliografía material.. Gijón: Ediciones Trea. - Jauralde Pou, Pablo. (1981). Manual de investigación literaria (Guía bibliográfica para el estudio de la literatura española).. Madrid: Gredos. - Martínez de Sousa, José (2012). Manual de estilo de la lengua española. Gijón: Trea - Montaner Frutos, A. (1999). Prontuario de bibliografía (Pautas para la realización de descripciones, citas y repertorios).. Gijón: Ediciones Trea. - Paun de García, Susan. (2004). Manual práctico de investigación literaria. Cómo preparar informes, trabajos de investigación, tesis y tesinas.. Madrid: Castalia. - Rodríguez Fer, Claudio. (1998). Guía de investigación literaria.. Gijón: Júcar. <p>Durante o curso e a medida que se vaian desenvolvendo os temas, os profesores proporcionarán outras referencias bibliográficas.</p>
Bibliografía complementaria	Será proporcionada nas aulas e/ou a través do Campus Virtual; asemade, o profesorado pode, nalgúns casos, facilitarlles materiais sobre o explicado a través do Campus Virtual.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Dispor dunha competencia lingüística acorde ao nivel universitario de 4ª de Grao é requisito; recoméndase a aqueles estudantes que teñan problemas na expresión (sexan ortográficos, sintácticos ou de outro tipo) que os subsanen, prestando especial atención aos erros cometidos ao longo do curso para no repetilos na proba mista.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías